

O RESUMO 2

Responde ás preguntas e faimas chegar a anabelenfernandezmelon@edu.xunta.es ou por wassap ao 605563364.

1. Seguimos traballando co resumo. Le atentamente esta carta que Toño lle escribe ao seu amigo Lelo, que está emigrado no Brasil:

«Afastado amigo:

[...]Dime que che fale de Aurora... Ela era a miña noiva [...]. Todo comezou un día que viñamos da escola. Nun piñeiro longo, longo como unha noite de xeadada, había un niño de corvo. Xa eu o tiña ollado había algún tempo. Como estaba na beira do camiño, imaxinei que tamén podían velo outros e pillarme a dianteira. Era a posta do sol. Do noso lugar só Aurora e mais eu tiñamos ido esa tarde á escola. Pasamos preto daquel piñeiro e díxenlle: “Alá enriba hai un niño de corvo. Vou rubir para ver que ten. Agarda aquí”.

Ela mirou de través, dubidando, e zampoume: “Inda eu rabie se es quen de subir”. E iso abondou para que me entrase un formigar na caluga. Arrinquei os zocos, collín o eito de folgo, como quen vai fondear no río, e boteime piñeiro arriba. Apreixando a casca coas mans e coas pernas ía subindo devagar. O piñeiro estaba limpo. Só tiña, alá no cabo, un curuto verde, pequecho. Que árbore tan longa! Abalaba como unha xostra; como se fose crebarse. Ollei para abaixo e vin a Aurora que me acenaba. Seguín. Xa estaba preto. E nin ben cheguei ao curuto apareceu, voando arredor, o corvo. Víñase a min. Queríame peteitar. Berrei. Tamén berrou Aurora desde o chan. E puíden botarlle a man ao niño e coller os catro ovos que había nel. Metinos na pucha. O corvo, entolecido, veña de voar cada vez máis preto do meu pescozo. Coido que me non chegou a espetar a subela porque o abouamos a por de berros. Baixei deseguida. Tiñas as pernas algo esfoladas. “Es moi valente”, díxome Aurora. Eu rinme e compartín con ela a anada».

2. Cando estamos a chatear polo wassap, contamos o que nos sucede resumindo, porque senón teriamos que escribir moito. Vamos imaxinar que me queres contar o que lles sucedeu a Toño e a Aurora. Valo facer polo wassap. Eu vou facer algunhas preguntas e ti tes que contestalas brevemente, pero contando con exactitude o que pasou:

Quen é Aurora?

Por que subiu Toño á árbore?

E que lle pasou cando estaba no curuto da árbore?

Como acabou o conto?